



## **Máis fogares e negocios de Padrón, conectados a internet de ata 500 megas simétricos con R**

- *O despregamento destas redes está subvencionado polos Fondos FEDER da Unión Europea a través do Programa de Extensión de la Banda Ancha de Nueva Generación (PEBA-Plan Avanza) do Ministerio de Economía y Empresa.*
- *Unhas 111 novas residencias particulares e empresas de varios núcleos padroneses xa teñen cobertura das redes de nova xeración de R no marco do Plan Avanza, e serán arredor de 715 a peche de 2021.*

**Venres, 13 de novembro de 2020.**- Os habitantes dos núcleos de Romarís, Vilar e Esclavitud, no municipio coruñés de Padrón, xa dispoñen de accesos ultrarrápidos a internet de ata 500 megas simétricos e poden desfrutar doutros servizos avanzados de telecomunicacións grazas ás redes de nova xeración de **R**.

O operador galego vén de rematar alí parte das tarefas de despregamento da súa rede de fibra óptica, aproveitando ao máximo as infraestruturas destes lugares padroneses. Deste xeito, **111 novos fogares e negocios** deses núcleos quedaron preparados para recibir os servizos avanzados de teléfono, internet de ata 500 megas simétricos e televisión dixital multicanle de **R**. A remate de novembro uniránelles **83 máis**, de tal xeito que, cando tras o exercicio de 2021 se complete o despregamento en Padrón no marco do Plan Avanza, a localidade coruñesa contará **cuns 715 novos fogares e empresas** con conexión ás redes de nova xeración do operador galego.

A maiores, **R** leva tempo investindo no despregamento de infraestruturas en Padrón, onde a día de hoxe xa dispoñen de cobertura das súas redes avanzadas **outros 827 fogares e empresas** do municipio.

## 10 millóns de investimento e fondos europeos

Este e outros despregamentos na provincia da Coruña forman parte dun dos **tres proxectos do Plan PEBA-Avanza** do Ministerio de Economía e Empresa dos que **R** resultou adxudicatario en 2018 para despregar a tecnoloxía FTTH en 512 núcleos de Galicia que non dispoñan de alta velocidade ata o momento (“zonas brancas”).

No desenvolvemento **dos tres plans investiranse un total de 10M€**, dos cales preto de 8M€ serán subvencionados polos fondos FEDER da Unión Europea. En concreto, o despregamento en Padrón encádrase no proxecto destinado á extensión de redes de nova xeración en **154 núcleos de municipios do noroeste de Galicia** (A Coruña, norte de Pontevedra e oeste de Lugo). Para estas actuacións, cun investimento total de 2,6M€ destinarase unha axuda dos fondos FEDER de 2,09M€. Un segundo proxecto fala igualmente do despregamento de banda ancha de nova xeración con tecnoloxía FTTH, desta volta en **162 núcleos do centro-oeste de Galicia** (norte de Pontevedra, sur da Coruña e oeste de Lugo). O investimento total neste caso é de 3,58M€, 2,86 deles subvencionados polos fondos FEDER da Unión Europea. O terceiro dos proxectos adxudicados desenvolverase en **196 núcleos doutros municipios do suroeste de Galicia** (Pontevedra). Os despregamentos nestas zonas suporán un investimento total de 3,75M€, cunha subvención dos fondos FEDER de máis de 3M€.

## 65.000 fogares e negocios conectados antes de 2021

Arredor de **32.000 novos fogares e negocios** de Galicia quedarán conectados ás redes de nova xeración de **R** cando rematen as actuacións adxudicadas en 2018 ao operador galego polo Ministerio de Economía y Empresa. A estes traballos hai que unirles as tarefas de extensión de redes avanzadas que **R** desenvolveu dende 2016 en virtude doutro concurso do Plan PEBA do Ministerio para achegarlles tamén a tecnoloxía FTTH a diferentes “zonas brancas” da xeografía galega; en concreto, para conectar ás redes de nova xeración de **R 33.000 fogares e negocios**, cuxos servizos están xa en fase de comercialización. E así, ao remate dos dous plans, preto de **65.000 novas residencias particulares e empresas** quedarán preparadas para recibir os servizos avanzados de **R**.

De feito, a día de hoxe, no marco do Plan Avanza, **R** xa ten chegado coas súas redes de nova xeración a núcleos das catro provincias galegas en Cuntis, Muros, Cerceda, Abegondo, Lourenzá, Barreiros, Palas de Rei, Monterroso, Ribadumia, Meaño, Combarro, Pontecaldelas, Tomiño, Peñín, Camariñas, Curtis, Ortigueira, Porto do Son, Pobra de Trives, Cariño, Boqueixón, Moraña, Guitiriz, O Grove, A Estrada, Cambados, Noia, Vilanova de Arousa, Rianxo, A Pobra do Caramiñal e Carballo.

Todas estas localidades poden desfrutar de accesos ultrarrápidos a internet de 500 megas simétricos con velocidade garantida, do desco Android 4k da televisión dixital de **R** e de pura alta definición co servizo **rebobina** para ver a tele como e cando se queira.

Así mesmo, as/os clientas/es de **R** poden aforrar no seu plan de datos móbiles e conectarse de balde a arredor de 130.000 puntos da rede wificlientes **R** espallados pola xeografía galega. E todo isto, cunha atención ao/á cliente/a próxima, de calidade e sempre dende Galicia.

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)

